

Novas perspectivas de análise e recursos didácticos sobre a sociedade galega durante a transición á democracia (Casa de Cultura de Porto do Son: sábado, 1-XII-2018)

Solicitado o recoñemento como actividade de formación para o profesorado
(modalidade congreso: 8 horas)

Director: Daniel Lanero Taboas (Facultade de X^a e H^a, USC)
Coordinador: Raúl Soutelo Vázquez (IES Campo de San Alberto, Noia)

OBXECTIVOS DO CONGRESO

1º. Promover a actualización epistemolóxica do profesorado de Ensino Secundario no referido aos avances na investigación sobre as transformacións producidas na sociedade española da transición á democracia e a trasposición didáctica deses coñecementos nas materias de *Historia* (4º de ESO), *Historia do Mundo Contemporáneo* (1º curso de Bacharelato), *Historia de España* e *Xeografía e Historia de Galicia* (2º curso de Bacharelato).

2º. Favorecer a innovación didáctica coa mellora na utilización das TIC na práctica docente do profesorado como orientadores de aprendizaxe inclusivas das ciencias sociais dende unha perspectiva non discriminatoria que integre as experiencias e vivencias das xentes do común e, nomeadamente, das mulleres, para ensinar unha historia máis próxima á memoria social das comunidades educativas.

3º. Contribuir á consolidación de actitudes de tolerancia e compromiso coa defensa dos dereitos humanos, as liberdades persoais, a democracia e a xustiza social aplicando novas estratexias de ensino e aprendizaxe nas aulas de ESO e Bacharelato.

CONTIDOS:

- Protesta social, Ensino e Historia. Unha perspectiva xeral e propostas didácticas no marco da historia política contemporánea.
- As mulleres na sociedade española do tardofranquismo e a transición. Perspectivas xerais e propostas didácticas.
- A mobilización das xentes do común durante a transición á democracia.
- Recursos para o ensino da transición á democracia: TIC, audiovisuais, banda deseñada e patrimonio musical.

PROGRAMA

9:30 Recepción aos asistentes polas autoridades e os organizadores do congreso.

10:00 DANIELA FERRÁNDEZ PÉREZ (Doutoranda na USC): **“Non queremos ser só un voto”**: **Movemento feminista e organizacións políticas en Galicia (1970-1980)**.

11:00 DANIEL LANERO TÁBOAS (Doutor en H^a, USC): **Adaptarse ou desaparecer: estratexias de consolidación dos poderes locais franquistas na Galicia da transición**.

12:00 Pausa para o café.

12:20 ALBA DÍAZ GEADA (Doutora en Historia, USC): **Entre ditadura e democracia: cambio social e cultural na Galicia rural**.

13:00 Debate.

13:30 Visita ao Museo Marea e roteiro didáctico pola vila do Son guiados por JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ LIJÓ (Doutor en H^a pola USC, profesor de H^a na UDC e técnico do M. Marea).

16:30. RAMÓN LÓPEZ FACAL (G.I. Roda, Fac. de CC. da Educación, USC) e VÍCTOR M. SANTIDRIÁN ARIAS (Doutor en H^a Contemporánea pola USC, Director do IES do Milladoiro): **Propostas didácticas para ensinar a transición corenta anos despois**.

18:00. PEDRO GARCÍA VIDAL (Doutor en Xeografía, Profesor de Ensino Secundario): **Urbanismo e patrimonio no tardofranquismo e na transición: da protección legal á destrución consentida**.

19:00. Debate.

19:30. Conclusións e valoración do curso polas persoas asistentes.

20:00 Clausura da actividade.

ORGANIZAN

Proyecto Investigación MINECO:
Movilización social y poder local: la España rural
entre la continuidad y el cambio político (1968 - 1982)
(HAR 2014-55150-P)



COLABORAN



museo da memoria mariñeira **marea,**

A asistencia é libre e gratuita mais os profesores de Primaria e de Secundaria (Xeografía e Historia, Economía, Filosofía e Linguas) interesadas en recibir certificación da organización e a correspondente validación da Consellería por 8 horas de formación deberán remitir aos organizadores, por correo electrónico, o boletín de inscrición que xuntamos, cheo cos datos persoais e profesionais que nel se requiren.

Despois de encher os datos que se requiren de seguido, gardar os cambios e remitir o documento en formato Word ou PDF ao coordinador da actividade, antes do sábado 25 de novembro.

As solicitudes de inscrición con dereito a certificación aceptaranse por riguroso orde de chegada ata complementar o cupo de 50 persoas (profesores de ensino primario e secundario). Poden inscribirse, ademais, estudantes e persoas interesadas en recibir só o diploma dos organizadores.

